j) Consulta de que cada persoa solicitante e integrante da agrupación ou entidade sen personalidade xurídica ou comunidade de bens, se é o caso, non está en concurso de acredores, artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, obtida a través do Rexistro Público Concursal.

k) Informe acreditativo de que a persoa solicitante e integrante da agrupación ou entidade sen personalidade xurídica ou comunidade de bens, se é o caso, non ten cometido infraccións graves consonte o artigo 42 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello; o artigo 90 do Regulamento (CE) nº 1224/2009, ou consonte outros actos lexislativos adoptados polo Parlamento Europeo e polo Consello no marco da PPC, de acordo co artigo 11.1.a) do RFEMPA, emitido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

l) Certificado acreditativo de carecer de antecedentes penais, no caso de persoas físicas ou de pluralidade de persoas físicas. No caso de que o solicitante sexa unha agrupación ou entidade sen personalidade xurídica ou comunidade de bens, certificado de carecer de antecedentes penais dos seus integrantes. Os certificados deberán ser obtidos a través do Rexistro Central de Penados do Ministerio da Presidencia, Xustiza y Relacións coas Cortes, e deberán conter a totalidade de antecedentes penais non cancelados, para os efectos de verificar que non foi declarado culpable de cometer fraude no marco do FEMP ou FEMPA. Se da información anterior non se entendese acreditada a ausencia de antecedentes penais, solicitaráselle á persoa interesada que achegue certificado que acredite a totalidade de antecedentes penais ou a ausencia deles.

m) Consulta no Sistema nacional de publicación de subvencións do Ministerio de Facenda de non ter sido declarado culpable de cometer fraude, no marco do FEMP ou FEMPA, para cada persoa solicitante e integrante da agrupación ou entidade sen personalidade xurídica ou comunidade de bens, se é o caso.

n) Consulta obtida do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de que cada persoa solicitante e integrante da agrupación ou entidade sen personalidade xurídica ou comunidade de bens, se é o caso, non estea, nin estiver involucrada nos últimos 24 meses na explotación, xestión ou propiedade dalgún buque pesqueiro incluído na lista de buques INDNR da Unión Europea, segundo dispón o artigo 40, número 3 do Regulamento (CE) nº 1005/2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eli-



minar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada; nin que tampouco estea, nin estiver nos últimos 12 meses, involucrada na explotación, xestión ou propiedade dun buque que enarbore o pavillón dun país incluído na lista de terceiros países non cooperantes prevista no artigo 33 do citado regulamento.

ñ) Consulta de concesión de subvencións e axudas, para cada persoa solicitante e integrante da agrupación ou entidade sen personalidade xurídica ou comunidade de bens, se é o caso.

o) Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas, para cada persoa solicitante e integrante da agrupación ou entidade sen personalidade xurídica ou comunidade de bens, se é o caso.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. A Administración solicitaralle de oficio á Capitanía Marítima a folia de asento de inscrición marítima actualizada, completa e literal, e certificada en todas as súas follas. Tamén se lle solicitará en tripulantes, de ser o caso, o certificado de enrolamentos/desenrolamentos coa dotación da tripulación nos anos 2023, 2024 e 2025.

Artigo 16. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 17. *Tramitación de solicitudes*

A tramitación das solicitudes realizarase por fases; no caso de que unha solicitude non supere unha das fases, implicará que a súa tramitación finalizará sen que poida pasar á fase seguinte; neste caso, o órgano competente emitirá a correspondente resolución.

CVE-DOG: 4fyea0-ps98-8ur9-9wa4-gzmsjxs004t6



A) Fase de admisión de solicitudes.

1. O Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota da Consellería do Mar analizará os expedientes e requirirá a documentación necesaria, de ser o caso.

2. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos, requirirase a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, e se así non o fixer, darase por desistido da súa solicitude.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 4, punto 2, letra f), resulta que o solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

3. Sen prexuízo do anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o solicitante non poderá modificar a súa solicitude de axuda aumentando o importe total do investimento nin incluíndo novos conceptos para os cales solicita a axuda.

5. Sempre que se teñan en conta para a resolución das axudas aspectos distintos aos aducidos polas persoas interesadas, daráselles a estas un trámite de audiencia con carácter previo á avaliación dos expedientes pola Comisión de Valoración.

6. Para os expedientes que non cumpran os requisitos, ou que non conteñan a documentación necesaria, o órgano instructor emitirá un informe desfavorable previo á proposta de resolución denegatoria que proceda, na cal se indicarán as causas que a motivan.

7. Aquelas solicitudes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria, continuarán tramitándose de acordo co establecido no presente artigo.

B) Fase de valoración das solicitudes.

Segundo o establecido no documento de criterios de selección para a concesión das axudas do Programa nacional do FEMPA, con carácter xeral, para a valoración das solicitudes utilizaranse catro bloques de criterios de selección: xerais, horizontais ambientais e sociais, específicos de viabilidade técnica e/ou económicos, e, por último, específicos por tipo de actividade.

CVE-DOG: 4ftyega0-ps98-8ur9-9wa4-gzmsjxs004t6



De acordo co mesmo documento, as compensacións están previstas expresamente no Programa nacional e pola propia natureza da axuda, é polo que se entende cumprida a puntuación mínima do bloque de criterios xerais e non é necesario aplicar os restantes bloques de criterios. Non obstante, os xestores poderán elixir calquera dos restantes bloques de criterios, sen necesidade de circunscribirse ás ponderacións e obrigas indicadas en cada bloque, especificando nas bases/convocatoria os criterios elixidos e as súas ponderacións.

Para a valoración das solicitudes utilizaranse os seguintes criterios de selección: xerais e horizontais ou específicos.

I) Criterios xerais de selección.

Os criterios xerais teñen por obxecto asegurar que as operacións elixibles vaian dirixidas a alcanzar os obxectivos definidos no programa Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: programa para España 2021-2027.

Conforme o citado documento de criterios de selección para a concesión das axudas do programa nacional do FEMPA, para as paralizacións recollidas no artigo 21, número 2, letras a), b), c) e d) do Regulamento FEMPA, por tratarse dunha axuda compensatoria prevista no programa e pola propia natureza da axuda, enténdese cumprida a puntuación mínima do bloque de criterios xerais, polo que para todas as solicitudes que alcanzasen esta fase a cualificación da operación será a de apta.

II) Criterios horizontais ou específicos de valoración.

II.1. Estes criterios serán de aplicación ás embarcacións pesqueiras que opten ás axudas, excluindo da súa aplicación as tripulacións, que terán dereito a optar á axuda por estaren incluídas no rol da embarcación afectada pola paralización e cumprir cos demais requisitos establecidos, ademais de que no caso das solicitudes das persoas tripulantes, ao non establecerse a selección por concorrência competitiva, unicamente serán de aplicación os criterios xerais.

Unha comisión de selección valorará os criterios de valoración horizontais ou específicos que servirán de base para determinar a prelación das solicitudes, cando as solicitudes subvencionables superen as dispoñibilidades orzamentarias.

CVE-DOG: 4ftvega0-ps98-8ur9-9wa4-gzmsjxs004t6



II.2. Conforme os criterios de selección para a concesión das axudas do programa nacional do FEMPA, unha vez aplicado o criterio de selección xeral, o organismo intermedio de xestión, no caso de convocatorias de concorrência competitiva, aplicará os criterios específicos de selección horizontais ou específicos, e permitirá elixir entre varios dos que nel se recollen.

Os criterios de valoración horizontais ou específicos para a valoración das solicitudes presentadas nesta convocatoria son os seguintes:

a) Actividade pesqueira (que se verificará de oficio a través das notas de venda) da embarcación na pesqueira definida no artigo 1 desta orde, nos anos 2023 e 2024:

1º. Ata 50 días: 0 puntos.

2º. De 51 a 100 días: 1 punto.

3º. De 101 a 120 días: 2 puntos.

4º. De 121 a 150 días: 3 puntos.

5º. Máis de 150 días: 4 puntos.

b) Dependencia da embarcación das capturas procedentes da pesqueira definida no artigo 1 desta orde:

1º. Que o valor das capturas procedentes da pesqueira definida no artigo 1, sexa igual ou inferior ao 20 % do valor total das capturas realizadas pola embarcación, tomando como base os totais agregados no período 2020-2024: 1 punto.

2º. Que o valor das capturas procedentes da pesqueira definida no artigo 1, sexa superior ao 20 % e igual ou inferior ao 30 % do valor total das capturas realizadas pola embarcación, tomando como base os totais agregados no período 2020-2024: 2 puntos.

3º. Que o valor das capturas procedentes da pesqueira definida no artigo 1, sexa superior ao 30 % e igual ou inferior ao 40 % do valor total das capturas realizadas pola embarcación, tomando como base os totais agregados no período 2020-2024: 3 puntos.



4º. Que o valor das capturas procedentes da pesca definida no artigo 1 sexa superior ao 40 % do valor total das capturas realizadas pola embarcación, tomando como base os totais agregados no período 2020-2024: 4 puntos.

A valoración dos criterios horizontais ou específicos realizarase de acordo coa información relativa aos rexistros de actividade pesqueira, ás vendas na lonxa ou nos puntos de venda autorizados realizadas e no sistema de xestión dos permisos de explotación para as embarcacións, que consten en poder da Consellería do Mar.

En caso de empate, priorizarase a quen teña tripulantes mulleres enroladas na embarcación. De persistir o empate na puntuación obtida pola embarcación, este resolverase tendo en conta a cualificación na letra b). De persistir o empate, atenderase á cualificación na letra a). Se así e todo continúa a igualdade, acudirase ao número de persoas tripulantes enroladas na embarcación, dando preferencia á de maior número de persoas tripulantes.

C) Fase de selección.

1. Unha vez finalizada a fase anterior, a Comisión de Selección procederá a formular a proposta de resolución de concesión das axudas.

2. Na proposta que formule a Comisión de Selección figurarán de maneira individualizada os solicitantes propostos para obteren a subvención e indicarse a avaliación que lles corresponde segundo os criterios fixados nesta orde. Ordenaranse os expedientes seleccionados de acordo coa puntuación obtida ata esgotar as disponibilidades orzamentarias. Así mesmo, indicarse a proposta do importe da subvención para cada un deles.

3. A Comisión de Selección, de ser o caso, establecerá unha lista de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria, non acaden a puntuación necesaria para seren seleccionadas por falta de crédito. Nesta lista de reserva indicaranse os expedientes seleccionados ordenadamente de acordo coa puntuación obtida.

4. No caso de que a suma dos investimentos subvencionables dos expedientes propostos non supere o crédito existente para as axudas, non será necesario que figure a avaliación individualizada dos criterios horizontais ou específicos de cada expediente.

5. O presidente da Comisión de Avaliación elevará proposta de resolución ao órgano concedente, que ditará as correspondentes resolucións de concesión.

CVE-DOG: 4ftyega0-ps98-8ur9-9wa4-gzmsjxs004t6



Artigo 18. Comisión de Selección

1. Os expedientes serán avaliados por unha comisión de selección constituída na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

2. A composición da Comisión avaliadora estará formada polos seguintes membros:

a) Presidencia: subdirector/a xeral de Competitividade da Cadea Mar-Industria.

b) Vogais: dous funcionarios adscritos á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, designados polo presidente, e a persoa titular da xefatura do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota, que exercerá a secretaría.

3. En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o presidente. O órgano colexiado precisará de, polo menos, a maioría simple dos membros para a realización da selección. No caso de excepcional ausencia do presidente, actuará como tal o secretario.

4. A Comisión poderá propoñer que o órgano instrutor requira documentación complementaria necesaria para a correcta valoración da solicitude de que se trate.

5. A Comisión avaliadora poderá traballar asistida dos asesores que xulgue conveniente, así como solicitar informes a expertos técnicos na materia.

6. A reunión da Comisión de Selección poderá realizarse presencial ou telematicamente.

7. A Comisión de Selección reunirse nunha sesión única para a elaboración da proposta de concesión ao órgano concedente, salvo no caso de que a suma dos investimentos subvencionados dos expedientes propostos non supere o crédito existente para as axudas, caso en que poderá realizar cantas sesións considere necesarias, e emitir propostas parciais de concesión en cada unha das sesións.

Artigo 19. Resolución e aceptación.

1. A resolución das solicitudes correspóndelle á persoa titular da Consellería do Mar, que poderá delegar a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

CVE-DOG: 4fyea0-ps98-8ur9-9wa4-gzmsjxs004t6



2. Esta autorización non implicará a aprobación do gasto, que lle corresponderá, en todo caso, ao órgano competente para ditar a resolución de concesión da subvención.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de 4 meses contados desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Unha vez notificada a devandita resolución, a persoa interesada terá un prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a aceptación desta. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

5. A resolución de concesión indicará, entre outros aspectos, os compromisos asumidos polas persoas beneficiarias; os créditos orzamentarios aos cales se imputa o gasto; a contía da subvención individualizada e a porcentaxe do financiamento do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura; os prazos e modo de pagamento da subvención e o prazo e a forma de xustificación por parte da persoa beneficiaria do cumprimento da finalidade para a cal se percibe a subvención.

Artigo 20. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións na conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para



todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán crear de oficio o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento, polas persoas interesadas, da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 21. *Recursos*

1. Contra a resolución expresa que se dite, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 2 meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. Se transcorrido o prazo para resolver establecido no artigo 19 non lle é notificada a resolución á persoa interesada, entenderase desestimada por silencio administrativo negativo e caberá interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar, en calquera momento, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 6 meses, contados en ambos os dous casos, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

3. Sen prexuízo do anterior, as persoas interesadas poderán exercer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Artigo 22. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou calquera outro aspecto



que se considere que afecta un aspecto substancial da resolución de concesión, poderán dar lugar á súa modificación ou revogación.

Artigo 23. *Pagamento*

1. Tendo en conta que se trata dunha compensación e que as persoas beneficiarias non teñen que realizar xustificación do investimento, unha vez concedida a axuda, o pagamento poderase realizar no mesmo acto administrativo que o da concesión da axuda.

2. A proposta de pagamento das axudas realizarase cunha certificación previa da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica relativa ao correcto cumprimento de todos os requisitos para acceder ás axudas no momento en que se vaia a ordenar o pagamento.

3. Para o pagamento da axuda será imprescindible que as persoas beneficiarias estean ao día nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Igualmente, a persoa beneficiaria non terá pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

4. O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia na conta bancaria indicada na solicitude.

Artigo 24. *Extinción das axudas*

O dereito ás axudas obxecto desta orde extinguirase:

a) Pola interrupción do período da parada. A interrupción do período da parada suporá a perda do dereito á percepción da totalidade da axuda pola totalidade da parada.

b) Por iniciar actividades laborais por conta propia ou allea durante o período da parada subvencionable.

c) Por iniciarse os efectos económicos das prestacións da Seguridade Social que resulten incompatibles co traballo, coa excepción das prestacións de incapacidade temporal, de maternidade e paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación, neste caso o tempo que perciban estas prestacións será descontado do dereito a percibir a axuda.

CVE-DOG: 4ftyea0-ps98-8ur9-9wa4-gzmsjxs004t6



Artigo 25. *Reintegro das axudas*

1. Se a persoa beneficiaria incumpre calquera dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como as condicións e obrigas que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión da axuda, poderanse anular os beneficios concedidos coa obriga de reintegro da axuda ou subvención.

2. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, así como os xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos nos artigos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 74 a 76 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ademais, será tamén causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C84/06), a comisión de infracción ao dereito comunitario pola persoa beneficiaria e, en especial, ás normas da política pesqueira común durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

4. Sen prexuízo da obriga de reintegro, se como consecuencia dunha comprobación posterior ou de calquera outra verificación, se constata falsidade nas declaracións mencionadas nesta orde, serán de aplicación as infraccións e sancións establecidas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

5. Para este procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 26. *Infraccións e sancións*

Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, ás persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 27. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: 4fityega0-ps98-8ur9-9wa4-gzmsjxs004t6



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da devandita lei á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 28. *Servizo Nacional de Coordinación Antifraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puideren ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude na Intervención Xeral da Administración do Estado, polos medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto por dito servizo no enderezo web <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/CA-UACI/Paginas/CA-UACI.aspx> e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, que se pode consultar no enderezo web <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/CA-UACI/SNCA/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>

Artigo 29. *Publicidade*

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, e expresarán a convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención, coas excepcións previstas no dito artigo, de ser o caso. A aceptación da axuda supón a inclusión da operación e os seus datos na lista de operacións prevista no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

2. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería do Mar (<https://mar.xunta.gal/>) a relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase á Base nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



Disposición adicional primeira

No non previsto nesta orde observárase o que establece o Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2017/1004; o Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración; o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados; o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e posteriores modificacións; o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do seu regulamento de execución; e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o Real decreto 1173/2015, modificado polo Real decreto 528/2022, do 5 de xullo, e polo Real decreto 1013/2023, do 5 de decembro; o documento de criterios de selección para a concesión de axudas no marco do programa nacional do FEMPA e a demais normativa de aplicación.

Disposición adicional segunda

Delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a resolución destas axudas.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2025

Marta Villaverde Acuña
Conselleira do Mar

CVE-DOG: 4feyega0-ps98-8ur9-9wa4-gzmsjxs004t6



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS AUTONÓMICAS PARA A PARALIZACIÓN TEMPORAL DAS EMBARCACIÓNS AFECTADAS-PERSOAS ARMADORAS	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PE406A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

XÉNERO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

PREFIXO

OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DO MAR****ANEXO I
(continuación)****DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS☒ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS DO BUQUE

NOME DO BUQUE

MATRÍCULA DO BUQUE

CÓDIGO DO BUQUE

PORTO BASE DO BUQUE

CENSO A QUE PERTENCE O BUQUE

ASOCIACIÓN OU ORGANIZACIÓN PESQUEIRA, SE É O CASO

**XUNTA
DE GALICIA**

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA
DO MARANEXO I
(continuación)**DATOS DO BUQUE (continuación)**

RELACIÓN NOMINAL DA TRIPULACIÓN ENROLADA NO MOMENTO DE SOBREVIR A PARALIZACIÓN TEMPORAL

NOME E APELIDOS	NIF	Nº DE AFILIACIÓN Á SS

O FINANCIAMENTO DESTAS AXUDAS PROCEDE DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA NUN 70 % E DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NUN 30 %

CVE-DOG: 4fyeaga0-ps98-8ur9-9wa4-gzmsjxs004t6

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MARANEXO I
(continuación)

INDICADOR HORIZONTAL

Indicadores de persoas beneficiadas

Núm. persoas beneficiarias con discapacidade	
Núm. persoas beneficiarias menores de 40 anos masculino	
Núm. persoas beneficiarias menores de 40 anos feminino	
Núm. persoas beneficiarias menores de 40 anos xénero non definido	
Núm. persoas beneficiarias maiores de 40 anos masculino	
Núm. persoas beneficiarias maiores de 40 anos feminino	
Núm. persoas beneficiarias maiores de 40 anos xénero non definido	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas (incluídos préstamos subvencionados):

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA	DATA DE CONCESIÓN

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e obteña, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Non atoparse en ningún dos supostos establecidos no punto 1, letras a) e b), e no punto 3 do artigo 11 do Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, é dicir:

- Non ter cometido infraccións graves consonte o artigo 42 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello, ou o artigo 90 do Regulamento (CE) nº 1224/2009, ou consonte outros actos lexislativos adoptados polo Parlamento Europeo e polo Consello no marco da PPC.

- Non estar nin ter estado involucrado nos últimos 24 meses na explotación, xestión ou propiedade dalgún buque pesqueiro incluído na lista de buques INDNR da Unión Europea segundo dispón o artigo 40, punto 3, do Regulamento (CE) nº 1005/2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada; nin estar nin ter estado involucrado nos últimos 12 meses na explotación, xestión ou propiedade dalgún buque que enarbore o pavillón dun país incluído na lista de terceiros países non cooperantes prevista no artigo 33 do citado regulamento.

- No marco do FEMP ou FEMPA, non ter sido declarado culpable de cometer fraude, tal como se define no artigo 3 da Directiva (UE) 2017/1371.

No caso de que fose sancionada ou condenada en firme por algunha das causas expostas, identificarase con copia da resolución sancionadora ou sentenza condenatoria.

No caso de que, unha vez recibida a axuda, incorrese nalgunha das circunstancias expostas, deberá comunicar este feito ao órgano xestor da axuda, para proceder ao reintegro do importe correspondente, cos xuros xerados ata ese momento, segundo o considerado no punto 2 do artigo 11 do RFEMPA.

7. Non é ☐ armadora ☐ propietaria (márquese o que proceda) de ningún outro buque de pesca.8. É ☐ armadora ☐ propietaria (márquese o que proceda) dos buques, de pavillón español ou de terceiro país, que se relacionan a seguir, ademais do buque referenciado na solicitude (enumerar os buques, incluíndo nome, matrícula, código, pavillón e porto base).¹XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)

9. ☐ A persoa armadora/propietaria participa na explotación, xestión ou na propiedade dos seguintes buques de pavillón español ou dun terceiro país (enumerar os buques incluíndo o nome, a matrícula, o código, pavillón e porto base, así como os datos identificativos da empresa armadora e propietaria en que o solicitante participa; incluírase, igualmente, a identificación das empresas intermediarias en que participa, aínda que non exploten ou xestionen, ou participen na propiedade directa do buque)¹.

Relación de buques e empresas armadoras/propietarias:

Relación de buques e empresas intermediarias:

10. ☐ Non participa na explotación, xestión ou na propiedade de empresas do sector pesqueiro.
☐ Participa na explotación, xestión ou na propiedade de empresas do sector pesqueiro (identificación de todas as empresas en que participa):

11. Respetar a Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea. Ter en conta a promoción e a igualdade entre mulleres e homes, e a non discriminación. Evitar calquera discriminación por razón de xénero, orixe racial ou étnica, relixión ou convicións, discapacidade, idade ou orientación sexual, e ter en conta a accesibilidade para as persoas con discapacidade, de ser o caso.

12. Ter capacidade administrativa para cumprir as condicións da axuda por dispoñer dos medios adecuados:

☐ Persoal propio ☐ Asociación ☐ Confraría ☐ Xestoría ☐ Outros (indíquense cales):

¹ No caso de tratarse dun buque dun país extracomunitario, deberá indicarse o número IMO, para a comprobación da inclusión ou non do buque nas listas de buques INDNR.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Anexo III. Nomeamento de representante.

Documentación complementaria:

Se o solicitante é unha persoa xurídica

- ☐ Certificado acreditativo de carecer de antecedentes penais obtido a través do Rexistro Central de Penados do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, que deberá conter a totalidade de antecedentes penais non cancelados, para os efectos de verificar que non foi declarado culpable de cometer fraude no marco do FEMP ou FEMPA. Se da información anterior non se entendese acreditada a ausencia de antecedentes penais, solicitaráselle ao interesado que achegue o certificado que acredite a totalidade de antecedentes penais ou a ausencia deles.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Certificación rexistral actualizada dos estatutos sociais e da escritura de constitución.			
☐ Poder suficiente da persoa representante no caso de que tal poder non figure nos estatutos.			



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MARANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)

Se os solicitantes son unha pluralidade de persoas:

☐ Certificado acreditativo de carecer de antecedentes penais desta entidade, obtido a través do Rexistro Central de Penados do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, que deberá conter a totalidade de antecedentes penais non cancelados, para os efectos de verificar que non foi declarado culpable de cometer fraude no marco do FEMP ou FEMPA, no caso de comunidades de bens, agrupacións ou entidades sen personalidade xurídica. Se da información anterior non se entendese acreditada a ausencia de antecedentes penais, solicitaráselle ao interesado que achegue o certificado que acredite a totalidade de antecedentes penais ou a ausencia deles.

☐ Anexo IV. Pluralidade de persoas solicitantes.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Escritura de constitución da comunidade de bens, agrupación ou entidade sen personalidade xurídica, se é o caso. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación e especificar a porcentaxe de participación de cada un dos seus membros (anexo IV).			

Outra documentación complementaria:

☐ Certificado do Instituto Social da Mariña acreditativo de estar en situación de alta asociada á embarcación afectada, así como os códigos de conta asociados á embarcación e ás persoas traballadoras por conta aliea incluídas nelas, e os/as autónomos/as, se é o caso.

☐ Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela nos anos 2023, 2024 e 2025.

☐ Certificación da capitánía marítima correspondente do depósito do rol de despachos da embarcación e en que se fagan constar o lugar e o período de inmovilización total da embarcación con motivo do cesamento temporal da actividade pesqueira, con expresión das datas de comezo e fin da parada realizada.

☐ Documentación que acredite a presentación do expediente de regulación de emprego por parte da persoa armadora ou empresaria, de acordo co establecido no artigo 5.d) desta orde.

☐ Certificado de arqueo definido en tonelaxe de arqueo bruto (GT), expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante. Só será precisa a presentación desta documentación se a dita información non consta na folla de asento de inscrición marítima.

☐ Informe de vida laboral en que se acredite que a persoa solicitante estivo de alta como autónoma no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar durante todo o período de parada, no caso de que a persoa beneficiaria fose armadora autónoma enrolada como tripulante.

Para subvencións de importe superior a 30.000 euros, as persoas físicas e xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro suxeitas á Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, co fin de comprobar o requisito establecido no artigo 4.2.h) desta orde, deberán presentar:

1) Persoas físicas e xurídicas que, de acordo coa normativa contable, poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada:

☐ Certificación subscrita pola persoa física ou, no caso de persoas xurídicas, polo órgano de administración ou equivalente, con poder de representación suficiente, en que afirmen alcanzar o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento previstos na citada Lei 3/2004, do 29 de decembro.

2) Persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable, non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada:

